



## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL POLA IGUALDADE SALARIAL**

O Parlamento de Galicia reafirma a súa defensa e a promoción do principio fundamental da igualdade de oportunidades e de trato entre as mulleres e os homes, e súmase de forma unánime á celebración do Día internacional pola igualdade salarial que, segundo a resolución do Parlamento Europeo do pasado 18 de novembro, se conmemorou o día 22 de febreiro.

Neste día, queremos reafirmar que no actual contexto de crise económica é preciso o fortalecemento das distintas políticas de igualdade e corresponsabilidade social para evitar que as consecuencias repercutan máis naquelas persoas en peores condicións e eliminar a fenda salarial que existe, garantíndolles ás mulleres que os impactos da situación actual non incrementarán esas discriminacións nin frearán os necesarios avances neste ámbito.

O Parlamento de Galicia reconece que aínda quedan moitos obstáculos que superar no noso país, no que as mulleres seguen padecendo discriminación de xénero, que se manifesta nas maiores taxas de desemprego, na maior precariedade ou na prolongación da xornada laboral co traballo doméstico.

O Parlamento de Galicia é consciente da importancia de reforzar as políticas de igualdade de xénero nun contexto cambiante en todos os ámbitos, e máis concretamente no dos servizos sociais, do traballo e das relacións laborais, para o que se necesitan accións concretas e novas políticas.

O Parlamento de Galicia anima a que todas as institucións defendan os dereitos sociais no marco da aplicación transversal do principio de igualdade de oportunidades e de trato entre os homes e as mulleres.

Así mesmo, consideramos fundamental valorar, apoiar e fortalecer o desenvolvemento das mulleres en todos os eidos, en relación co mundo do traballo, no fomento do emprego, na formación ocupacional e na economía social, e poñer en valor o seu papel e a súa contribución no mercado laboral.

O Parlamento de Galicia quere involucrar a toda a sociedade galega para impulsar un esforzo cara ao pleno exercicio dos dereitos dos homes e das mulleres de xeito igualitario, fomentando a conciliación da vida laboral, familiar e social, desde o marco da equidade e da corresponsabilidade.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2010